

Se tes o sono de formar unha familia e non tes parella.

Se pensas que es a única persoa con esa idea na cabeza.

Se tomaches a decisión pero non sabes por onde empezar.

Se estás niso e o camiño estése a facer longo e duro.

Se xa formaches unha familia monoparental.

Se cres que educar en solitario non significa precisamente sentirte soa. Se queres compartir, aprender, falar, reflexionar ou formular situacións cotiás, os retos que te ofrece cada mañá.


Se cres que xuntas podemos facer MÁIS...

Serás benvida, porque este é un lugar para nos e as nosas familias.



 www.madressedolterasporeleccion.com

 asociacionmspe@gmail.com

 622 323 173

 www.facebook.com/AsociacionMSPE

 @AsociacionMSPE

delegadacantabria@madressedolterasporeleccion.com

delegadaaragon@madressedolterasporeleccion.com

delegadaAndalucia@madressedolterasporeleccion.com

delegadaeuskadi@madressedolterasporeleccion.com

delegadaGalicia@madressedolterasporeleccion.com

delegadaCastillaLeon@madressedolterasporeleccion.com

delegadaCatalunya@madressedolterasporeleccion.com

delegadacomunidadvalenciana@madressedolterasporeleccion.com

delegadaMadrid@madressedolterasporeleccion.com



ASOCIACIÓN
**MADRES
SOLTERAS
POR ELECCIÓN**

Unha rede de apoio para familias monoparentais, en constante crecemento con máis de 10 anos de traballo e representación de toda España



Quen somos?

A Asociación de Madres Solteras por Elección (MSPE) é unha organización non gubernamental, sen ánimo de lucro, de carácter estatal e fundada no ano 2007.

Somos persoas que decidimos libremente ter fill@s e formar unha familia monoparental.

Os cambios que vén vivindo a sociedade nos últimos anos teñen permitido a creación de distintos tipos de familia, pasando dun único modelo recoñecido a unha enriquecedora diversidade familiar.

De forma paralela, a lexislación sobre familias está evolucionando co fin de minimizar a discriminación dos modelos diferentes ao tradicional, dentro dos cales encontrámonos as Nais Solteiras por Elección.

Os termos están escritos en feminino debido a que, na actualidade, o noso tipo de familia está formado na súa meirande parte por mulleres, mais a asociación daría a benvida aos homes que se atopen na mesma circunstancia ca as mulleres que optan por formar unha familia monoparental, ou no camiño de construíla e desexen participar.

Cales son os nosos fins?

Dar a coñecer un novo tipo de familia monoparental e sensibilizar á sociedade para que sexa aceptada como unha opción responsable, que se tomou de forma libre e voluntaria, independentemente do estado civil.

Sermos un grupo de apoio cun denominador común, que sirva como intercambio de experiencias e información para todas aquelas persoas que desexen chegar ou teñan chegado á maternidade sen parella.

Reivindicar fronte aos organismos do estado e a sociedade os dereitos e necesidades que temos como familia monoparental.

Que podes encontrar na nosa asociación?

Información sobre aspectos de interese relacionados coa reprodución asistida, adopción, maternidade, crianza, educación e lexislación.

Unha páxina web con información moi variada e un foro privado exclusivo para socias onde compartir dúbidas e vivencias.

Un grupo de apoio e intercambio de experiencias. A oportunidade de coñecer mulleres coa túa mesma realidade coas que crear grupos de amizade, acompañamento, axuda... en definitiva, a posibilidade de tecer redes de apoio.

Entidades Colaboradoras (clínicas, asesorías, tendas, etc..) que nos ofrecen distintos descontos e vantaxes.

Tamén podes atopar actividades:

DIVULGATIVAS – INFORMATIVAS

Sobre temas que nos interesan ás MSPE, como a crianza, as relacións materno-filiais, a educación d@s nos@s fill@s, a adopción, os tratamentos de reprodución asistida, os aspectos legais, etc.

Contamos coa colaboración de expert@s en diferentes ámbitos e formamos grupos de discusión e apoio sobre diversos temas.

DE OCIO EN FAMILIA

Programamos actividades culturais, como teatro, concertos, contacontos, ademais de actividades ao aire libre e na natureza, excursións e viaxes. Todas elas están pensadas para seren un punto de encontro distendido e lúdico, tanto para @s adult@s, que buscan compartir as súas experiencias, coma para @s máis pequen@s, que poderán compartir xogos e bos momentos cos nen@s doutras familias coma a súa.

Como nos organizamos?

Todo o traballo que se realiza na asociación está xestionado polas mesmas socias de forma voluntaria, altruísta e rotativa.

Contamos con:

- Unha Xunta Directiva.
- Delegacións en: Andalucía, Aragón, Cantabria, Cataluña, Comunidade de Madrid, Comunidade Valenciana, Galicia e País Vasco. Noutras comunidades non existen actualmente, pero calquera socia que se anime a abrir delegación noutra comunidade onde teñamos presenza é benvida.
- Comisións de traballo: Educativa, Lexislativa, Comunicacóns, Relacións Institucionais, Entidades Colaboradoras, Web e Biblioteca.

A nosa Asociación non recibe ningunha subvención de carácter público; financiámonos unicamente coa nosa cota anual. E todo o traballo que nela se realiza xestiónase polas propias socias de xeito voluntario, tentando concilialo tamén coa súa vida profesional e familiar.

Formamos parte da Federación de Asociaciones de Madres Solteras (FAMS), xa que traballar en equipo e en Rede nos dará maior visibilidade e fortaleza.

Loitamos para conseguir unha Lei de Familias Monoparentais a nivel nacional que nos defina, regule e protexa.

Colaboramos cos medios de comunicación en reportaxes de prensa escrita, radio e televisión. Da mesma maneira participamos en estudos de investigación que teñan que ver co noso modelo de familia.